

CONCELLERÍA
DE MEDIO AMBIENTE,
SANIDADE E CONSUMO

ALCALDÍA



VIGO

Ruta da Auga



VIGO
camiño a camiño

Inicio de ruta



Os autocares de Vitrasa deixannos no Parque Forestal do Vixiador, de onde partiremos cara ao Nordeste buscando a senda da auga. Faremos un total de 10,4 km sen practicamente ningunha subida, pero é moi recomendable o uso de bastóns de sendeirismo e botas de monte, pois temos algunha baixada moi empinada e con pedra solta. Atravesaremos o río Fondón, veremos moitas sobreiras e disfrutaremos dunhas vistas magníficas da ría de Vigo.



Iniciamos a ruta
pasando á esquerda do
bar do Parque Forestal



A uns 100 metros collemos á
esquerda por un tramo que
actualmente non está moi claro
pero que ten a marca do GR nunha
árbore á dereita



A uns 300 metros atopamos un
cruce de camiños (e cortalumes da
línea eléctrica) e seguimos recto por
onde indica a frecha, saíndonos das
indicacións do GR



Atravesamos o segundo
cortalumes polo que vai o
tendido da línea eléctrica e
seguimos recto



A menos de 100 m do punto anterior vemos unha desviación á dereita que non collemos. Seguimos por onde van as cadelas que xa saben o camiño de memoria...



Se imos atentos poderemos atopar algún amiguiño peguerecho...



A uns 200 m do punto anterior temos outra desviación á dereita detrás do poste de alta tensión. Non a collemos e seguimos pola esquerda



A uns 100 metros, apartamos á dereita por un camiño que baixa moi empinado. Regulade ben os bastóns agora e comprobade que as fixacións son seguras



Tramo de baixada
empinada. Coidadiño
cos apoios



O camiño de baixada chega a unha
senda máis ancha que collemos á
dereita



Seguimos esta senda
uns 500 metros...



...ata que chegamos a
unha estrada onde
collemos á esquerda




Tras percorrer pola estrada uns
200 metros, collemos á dereita
polo Camiño da Longarela da
Parroquia de Trasmañó



Atravesamos por primeira
vez o río Fondón



Chegamos a un tramo de
estrada, polo que atravesamos
una zona residencial...



...ata que chegamos a unha estrada que cruza transversalmente e collemos á esquerda (camiño das Xabreiras)



Onde poderemos atopar algunha curiosidade simpática



...e tras uns 300 metros dende onde collimos á esquerda, sairemos agora cara á dereita por unha pequena subida indicada ao Coto da Águia



E seguindo a estrada chegamos á desviación á esquerda que vai ao mesón



Antes de chegar ao mesón,
collemos á dereita polo
camiño da foto



Baixamos por un camiño moi
empinado. Usade os bastóns e
controlade os apoios. Á altura
da foto collemos á dereita



A uns 500 metros atopamos
unha desviación á dereita. Non a
collemos e seguimos recto



A 50 metros vemos un
descampado a man esquerda.
Seguimos a senda sen
sairnos dela



Percorreremos por esa senda uns 1.500 metros ata chegar a unha desviación a man esquerda á altura dun piñeiro rachado polo temporal. Collemos esa desviación e entramos na senda da Auga



Senda da Auga que non deixaremos ata practicamente o final. Seguimos sempre as indicacións desta senda



Hai varios tramos de camiño e outros de estrada secundaria, pero non deixamos a senda



Cruzamos a estrada e seguimos por camiño, ben indicado



Atravesamos de novo o río
Fondón, onde podemos ver unha
pequena ferverza e un Muiño
uns metros máis adiante



Cando chegamos á altura do
panel informativo da senda,
collemos á dereita pola estrada



Tras unha baixada de uns 400
metros chegamos á estrada
N-552, onde collemos á dereita
pola beirarúa



Pasamos por debaixo da
autoestrada



...e chegamos ao fin de ruta, onde nos
esperan os autobuses de VITRASA
para voltar á Praza do Rei.

¡Agora a prepararse xa para a seguinte
ruta!